- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

UD	Título da UD	Duración
18	ING - Travelling around	15

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Extraer e analizar o sentido global e as ideas principais, e seleccionar de forma guiada información pertinente de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, expresados de forma clara e na lingua estándar a través de diversos soportes.	Extraer o sentido global e as ideas principais de textos orais, escritos e multimodais sobre temas cotiáns, expresados de forma clara e na lingua estándar.		
CA6.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar de forma guiada o contido de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe.		
CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Seleccionar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, e a información esencial dos textos, buscando información veraz.	PE	70
CA6.11 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.		
CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso.		
CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público evitando o plaxio.		
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, a características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.		
CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto.		
CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.		
CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, con apoios físicos ou dixitais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

Contidos

- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.
- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares
- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)
- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorno natural, tecnoloxías da infor
- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.
- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

LINGUA CASTELÁ/GALEGA-XEOGRAFÍA E HISTORIA

As características do alumnado integrado neste programa, que describimos na introdución, condicionan, en grande maneira, a metodoloxía que empregaremos. Ademais, o reducido número de alumnos e alumnas facilítanos a posta en práctica dun abano maior de estratexias, así como un seguimento individualizado do traballo realizado con máis garantías de éxito.

Os contidos curriculares serán tratados desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado,

priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.

Como punto de partida queremos que o alumnado se sinta atraído polo seu traballo. O mellor método para o conseguir é convertelos en auténticos responsables do mesmo. Cada un debe ser consciente dos seus coñecementos desde a avaliación inicial e perceber como estes van aumentando co traballo diario. Este é un bo mecanismo de motivación. Ademais, será cada alumno e alumna quen busque e comparta a información, porque así conseguiremos que se sinta máis motivado á vez que aprende.

A metodoloxía será fundamentalmente de tipo práctico. Os estudantes serán os verdadeiros protagonistas da súa aprendizaxe. Desenvolveremos estratexias de investigación, de manexo de bibliografía, de consulta e aproveitamento de artigos e de utilización das novas tecnoloxías como fonte de búsqueda de información. En definitiva, teremos moi en conta na liña de traballo a alfabetización informacional.

Pretendemos modificar os hábitos pasivos e, incluso negativos, cara a aprendizaxe, e reducir o rexeitamento xeralizado que senten cara aos libros, ao mesmo tempo que reforzar o seu interese para que o resultado do seu labor sexa satisfactorio e aumentar o seu orgullo persoal polas cousas ben feitas e a súa autoestima.

En función das consideracións expostas, a metodoloxía didáctica desenvolverase do seguinte xeito:

Adicaranse as primeiras sesións á lectura e explicación ao alumnado das pautas de traballo a seguir e dos criterios e instrumentos de avaliación.

Farase, ao comezar cada explicación, unha breve exposición de contidos teóricos básicos que faciliten o desenvolvemento do traballo posterior, atendendo sempre ás dúbidas que poidan xurdir. Deseguido, pasarase á realización do traballo individual ou en grupos, segundo o requira cada actividade. Unha vez rematadas as actividades, farase unha exposición xeral e un debate sobre os resultados obtidos.

Leranse textos de todo tipo e obras literarias, tanto en galego como en castelán, co seu posterior comentario e actividades de comprensión. Preténdese adicar, tamén, unha hora semanal (a Hora de Ler) á lectura dun libro elixido polo alumnado ou consensuado entre todo o grupo. Para as lecturas de cada trimestre presentaremos unha selección a modo de suxestión, xa que pretendemos que os mozos e mozas propoñan lecturas ou temas sobre os que lles gustaría ler. Deberán ler unha obra en galego e outra en castelán por trimestre. Realizaranse audicións de obras literarias e visionaranse filmes relacionados cos temas obxecto de estudo, que serán, posteriormente, comentados polo grupo.

Farase unha avaliación de todo o proceso de aprendizaxe, tanto ao rematar os traballos propostos como ao final de cada trimestre. Todos os documentos escritos xerados polo alumnado serán avaliados e arquivados pola profesora destas materias.

INGLÉS

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, esta programación buscará implementar unha metodoloxía activa, participativa, progresiva e continuada. A dito propósito responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula, senón tamén no centro educativo en xeral. O profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Serán obxectivos metodolóxicos básicos da nosa práctica docente os seguintes:

1. Ensinar a lingua estranxeira co fin de que o alumnado consiga comunicarse e desenvolverse con éxito no campo oral e no escrito dun modo natural. O eixo metodolóxico xirará en torno ó acto comunicativo á hora de traballar de forma integrada as catro destrezas básicas: comprensión oral, produción oral, comprensión escrita e produción escrita.

(OBX1 + OBX2 / CA1.1 + CA1.2 + CA1.3 + CA1.4 + CA1.5 + CA1.6)

2. Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45. Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

(OBX4 + OBX5 / CA1.7 + CA1.8 + CA1.9 + CA1.10)

3. Conseguir que o alumnado entenda o funcionamento do sistema lingüístico e que reflexione sobre o mesmo, comparándoo coa súa lingua materna, para alcanzar un bo nivel de comunicación.

(OBX5 / CA 2.1 + CA 2.2 + CA 2.3)

4. Ofrecerlle ao alumnado todas as facilidades posibles para que amplíe os seus coñecementos sobre os aspectos socioculturais da lingua inglesa e asimile a cultura da que forma parte, evitando así que exprese os seus logros só en termos morfosintácticos e funcionais. Buscaremos así mellorar a comprensión intercultural, posibilitando unha

actitude positiva e respectuosa para co intercambio cultural e construíndo vínculos non só entre linguas senón tamén entre culturas e distintas formas de expresión artística.

(OBX6 / CA3.1 + CA3.2 + CA3.3)

Ademais, o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación. O fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

Para conseguir o sinalado, a nosa metodoloxía aplica os seguintes principios básicos:

- a) Prestar atención especial á aplicación das estratexias de aprendizaxe para que poida enfrontarse con éxito a situacións reais de comunicación.
- b) Ensinarlle o sistema fonético, as funcións gramaticais e o vocabulario de forma que poida recoñecelos e empregarlos en situacións reais de comunicación.
- c) Espertar no alumno a responsabilidade de conseguir a autonomía na súa aprendizaxe, recoñecendo os métodos de estudo e o tipo de organización que máis lle conveñan.
- d) Motivalo con temas de interese e ofrecerlle unhas metas claras ao longo do curso.

Para alcanzar os nosos obxectivos, diferentes técnicas metodolóxicas serán empregadas:

- a) O uso do dicionario e outras fontes de consulta do léxico.
- b) Técnicas de procura de información en novos soportes: redes informáticas, CD ROM...
- c) Técnicas de tratamento informático de textos: uso dos correctores ortográficos, dicionarios, webs, blogs, chats, e concursos e redaccións on-line. (TICS)
- d) Poñerase ao alumno en contacto coa realidade cultural anglosaxona mediante:
 - Periódicos e xornais dixitais (The Times, The New York Times, The Independent, The Guardian...)
 - Páxinas Web de servicios informativos. (Fox, CBS, BBC...)
 - Emprego do material da biblioteca do centro, e o seu uso e a lectura nela.
 - Lectura na aula de xornais e revistas en inglés.
- e) Traballaremos con materiais audiovisuais do centro, o alumnado visionará parte das películas existentes no centro.
- f) Xogarán, e farán actividades lúdicas para o uso do inglés de forma oral.
- g) escoitarán música e grupos musicais anglosaxóns.
- h) Crearán pequenas obras teatrais para representar na aula.
- i) Empregarán o subliñado, a idea clave, os esquemas, o resumo, a análise da estrutura, as anotacións, as fichas...
- j) Outras.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
CGXH Edixgal
CGXH - ING Libros de consulta das distintas materias
CGXH - ING Dicionarios
CGXH - ING Páxinas web
CGXH - ING Xornais e revistas
CGXH - ING material audiovisual

LINGUA CASTELÁ/GALEGA-XEOGRAFÍA E HISTORIA abréviase CGXH.

INGLÉS abréviase ING

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

LINGUA CASTELÁ/GALEGA-XEOGRAFÍA E HISTORIA

Farase unha avaliación inicial dos coñecementos e habilidades que nos permita observar o progreso posterior do alumnado. Tendo en conta a baixa autoestima que adoita caracterizar ao alumnado integrado neste programa, evitaremos a realización de probas de valoración que lles lembren aos exames, para favorecer a súa total implicación nas mesmas, sen medo. Así, adicaremos os primeiros días a facer actividades variadas nas distintas materias que conforman o ámbito. Estas serán supervisadas pola profesora e lle permitirá facer unha valoración bastante exacta do seu nivel, así como das carencias e dificultades que presenta cada un deles. Os resultados serán comentados na clase para que se fagan todos os comentarios e suxestións que se consideren oportunos.

Pediráselles, tamén, nesta avaliación inicial, que fagan propostas de traballos de investigación, de lecturas e unha exposición dos seus gustos e intereses. Isto é moi importante porque permitirá coñecer mellor aos estudantes e, así, poder enfocar os distintos contidos dun xeito máis atractivo e interesante para motivalos e facer un pouco máis sinxela a súa aprendizaxe.

INGLÉS

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgún dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo (por exemplo, "A Maleta Viaxeira", "A Tea de Araña", "Two Truths and One Lie", etc).
2. Cuestionario de lecer e afeccións.
3. Proba de nivel.
4. Xogos que desenvolvan a destreza lingüística oral e/ou escrita (por exemplo, "Find Someone Who", ruleta aleatoria de temas...).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	8	8	9	8	8	9	8	8	9	1
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	31
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	69

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16	UD 17	UD 18	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	1	1	2	2	2	3	6	7	100
Proba escrita	31	70	70	70	70	70	70	70	62
Táboa de indicadores	69	30	30	30	30	30	30	30	38

Criterios de cualificación:

LINGUA CASTELÁ/GALEGA-XEOGRAFÍA E HISTORIA

1ª, 2ª e 3ª avaliación

Realizaranse probas obxectivas escritas que dean conta dos coñecementos adquiridos. Calcularase a nota media entre todas as probas, que constituirán un 60% da nota. En lingua galega e castelá as faltas de ortografía penalizaranse descontando 0,1 da puntuación total por cada falta de ortografía e/ou por dúas tiles ata un máximo de

1 punto.

A participación activa na realización de tarefas como proxectos de lecturas, comprensión de textos, proxectos de investigación, valorando tanto a calidade da información como a presentación en distintos soportes constituirá un 20% da nota (calcularase a nota media entre todas as tarefas planificadas). Será obxecto de avaliación negativa non utilizar a lingua galega, tanto oralmente como na escrita, na materia de Lingua galega. Ao comezar cada un destes proxectos, informárase ao alumnado de cales van ser as rúbricas ou guías de avaliación a seguir para a súa cualificación.

As exposicións orais, postas en común, debates, constituirán un 10% da nota. Serán cualificadas segundo as rúbricas ou guías de avaliación correspondentes.

As actividades a realizar durante a clase no caderno, como ferramenta de traballo diario, así como aquelas que o alumnado deba realizar na súa casa para repasar os contidos explicados e que serán corrixidas na clase ou entregadas para a súa corrección pola profesora, constituirán un 10% da nota. Para establecer a puntuación neste apartado teranse en conta os seguintes puntos, que se irán rexistrando nun caderno de notas: o emprego da lingua galega, tanto oral como escrita, en Lingua galega; a realización e boa presentación das tarefas diarias; a corrección dos exercicios propostos; un caderno ordenado e sen tachaduras; a ortografía; a claridade dos contidos e a síntese; a expresión oral e escrita; a puntualidade na entrega dos traballos na data fixada; o grao de participación na clase e a colaboración nas tarefas en grupo; o material necesario para a realización das tarefas..

A cualificación de cada avaliación será a suma das porcentaxes acadadas nos distintos apartados. A nota destas tres materias constituirá o 75% da nota de cada avaliación e da nota final. O 25% restante estará constituído pola nota de Inglés.

No caso do alumnado con exención en Lingua galega, as materias de Lingua castelá e Xeografía e Historia constituirán un 66,66% da nota. O alumnado terá a obriga de asistir a clase e facer as tarefas correspondentes para acadar o dominio suficiente da lingua que lle permita afrontar niveis superiores en igualdade de condicións que o resto do grupo.

Cálculo para obter a cualificación final de curso:

- A cualificación final do alumnado coas tres avaliacións superadas será a media aritmética entre as notas de cada avaliación.

- A cualificación final do alumnado coas avaliacións non superadas será un 5, sempre e cando a nota das probas de recuperación de xuño estea entre 5 e 6. Se a nota das probas de recuperación é 6 ou maior que 6, farase a media aritmética entre esta nota e a nota da avaliación a recuperar.

LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

A materia de inglés, pertencente ao ámbito lingüístico social, é un 25% da nota final do ámbito, xa que tamén ocupa unha cuarta parte da carga horaria lectiva do mesmo.

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva, cos seguintes pesos porcentuais das notas parciais dos tres trimestres (1º, 2º e 3º), respectivamente: 20% + 30% + 50%

A cualificación trimestral conformárase coa seguinte ponderación dos obxectivos comunicativos contemplados na nova lei para a ensinanza da 1ª Lingua Estranxeira (e os seus criterios de avaliación relacionados) avaliados a través dos instrumentos de avaliación enumerados:

Obx. 8- 30% (15% + 15%) - COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (CA6.1 + CA 6.2 + CA 6.3) - Instrumentos de avaliación: Probas obxectivas con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e/ou preguntas de resposta curta.

Obx. 9- 24% (12% + 12%) - PRODUCCIÓN ORAL E ESCRITA (CA6.4 + CA 6.5 + CA 6.6) - Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guías de corrección.

Obx. 10 - 4% - INTERACCIÓN (CA6.7 + CA 6.8) - Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guía de corrección.

Obx. 11 - 2% - MEDIACIÓN (CA1.9 + CA1.10) - Instrumentos de avaliación: Rúbricas/guías de corrección.

Obx. 12- 40% - PLURLINGÜISMO E REFLEXIÓN SOBRE A APRENDIZAXE e INTERCULTURALIDADE (CA2.1 + CA2.2 + CA2.3 +CA 2.5 + CA 6.11 + CA 6.12 + CA 6.13) - Instrumentos de avaliación: Probas obxectivas con cuestionarios de opción múltiple, preguntas de encher ocios, actividades con erros a corrixir, preguntas de relacionar, preguntas de resposta curta e/ou outras similares; e caderno de aula.

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearase a partires de 0,5.

Criterios de recuperación:

LINGUA CASTELÁ/GALEGA-XEOGRAFÍA E HISTORIA

Ao ser avaliación continua, considerarase aprobada unha avaliación suspensa, ao aprobar a seguinte. O alumnado que non consiga superar as materias de Lingua castelá, Lingua galega e Ciencias Sociais deberá facer en xuño probas escritas e actividades de recuperación que permitan unha mellor comprensión dos contidos. Tamén, de ser o caso, deberá presentar traballos sobre as lecturas lidas, proxectos de investigación e facer exposicións orais, que serán

cualificados segundo as rubricas ou guías de avaliación correspondentes.

INGLÉS

O curso está deseñado en tres trimestres, cunha distribución progresiva do peso das avaliacións, de maneira que as porcentaxes asignadas a cada trimestre son as seguintes:

- Primeiro trimestre: 20%
- Segundo trimestre: 30%
- Terceiro trimestre: 50%

Este enfoque permite que o proceso de aprendizaxe e avaliación vaia adquirindo maior relevancia a medida que avanza o curso, ofrecendo ao alumnado a oportunidade de mellorar o seu rendemento de forma continua. Isto significa que, se un estudante ten dificultades nos primeiros trimestres, ten a posibilidade de recuperar e mellorar o seu desempeño durante os trimestres posteriores, xa que cada un ten un maior peso na cualificación final.

Por tanto, este sistema progresivo actúa de maneira compensatoria, permitindo ao alumnado reflectir a súa evolución e adquisición de coñecementos ao longo do curso. Dado que o deseño de avaliación está orientado a que os estudantes recuperen progresivamente os contidos, non se contempla unha recuperación final de todos os contidos do curso.

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,5.

En resumo, non se contempla procedemento extraordinario de recuperación do curso en consonancia coa lei educativa vixente e dado o carácter progresivo da materia. Proporemos medidas oportunas puntuais para asegurar que as porcentaxes progresivas (20% + 30% + 50%) posibiliten a superación da materia en xuño de maneira efectiva.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

LINGUA CASTELÁ/GALEGA-XEOGRAFÍA E HISTORIA - INGLÉS

A RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23, no artigo 14, punto 11 di " O alumnado que acceda a un programa de diversificación curricular con materias pendentes de cursos anteriores que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente". Ao estaren as materias de cursos anteriores integradas no Ámbito sociolingüístico, se algún alumno ou alumna ten pendente algunha destas materias, quedará recuperada se supera o ámbito.

6. Medidas de atención á diversidade

LINGUA CASTELÁ/GALEGA-XEOGRAFÍA E HISTORIA - INGLÉS

O alumnado que forma parte do grupo de diversificación curricular xa disfruta dunha medida de atención á diversidade e a metodoloxía empregada (seguimento individualizado, adaptación dos contidos, clases participativas...) xa ten en conta as características deste grupo.

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.

10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - CGXH - ING Comprensión lectora e a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - CGXH - ING Comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación			X			X		
ET.3 - CGXH - ING Educación cívica e constitucional		X	X					
ET.4 - CGXH - ING Igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia machista, contra persoas con discapacidade ou calquera forma de violencia, a non discriminación por razón de sexo, cultura, relixión	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - CGXH - ING Prevención e resolución pacífica de conflitos			X	X			X	
ET.6 - CGXH - ING Educación para a sustentabilidade e consumo responsable								X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.1 - CGXH - ING Comprensión lectora e a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - CGXH - ING Comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación	X	X	X	X	X			X
ET.3 - CGXH - ING Educación cívica e constitucional						X	X	
ET.4 - CGXH - ING Igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia machista, contra persoas con discapacidade ou calquera forma de violencia, a non discriminación por razón de sexo, cultura, relixión	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	UD 16
ET.5 - CGXH - ING Prevención e resolución pacífica de conflitos		X		X				
ET.6 - CGXH - ING Educación para a sustentabilidade e consumo responsable	X					X	X	

	UD 17	UD 18
ET.1 - CGXH - ING Comprensión lectora e a expresión oral e escrita	X	X
ET.2 - CGXH - ING Comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación		X
ET.3 - CGXH - ING Educación cívica e constitucional	X	X
ET.4 - CGXH - ING Igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia machista, contra persoas con discapacidade ou calquera forma de violencia, a non discriminación por razón de sexo, cultura, relixión	X	X
ET.5 - CGXH - ING Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X
ET.6 - CGXH - ING Educación para a sustentabilidade e consumo responsable		

Observacións:

LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA, XEOGRAFÍA E HISTORIA abréviase CGXH
INGLÉS abréviase ING

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Lingua castelá, Lingua galega e Xeografía e Historia	Participarán nas actividades deseñadas por estes departamentos para o seu nivel e/ou grupo de referencia. Tamén participarán nas xuntanzas do Club de lectura fácil, colaborando co Colexio de Educación Especial.	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
INGLÉS: Sesión de teatro ou cinema en inglés.	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas		X	
INGLÉS: Hora de Ler	No centro adícase unha hora semanal á lectura libre. O Departamento fará recomendacións de lecturas adaptadas en inglés.	X	X	X
INGLÉS: Xogos, exposicións, actividades e concursos	O Departamento manterase atento ás distintas convocatorias de xogos, exposicións, actividades e concursos promocionados por distintos organismos para a promoción das linguas estranxeiras.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
CGXH - ING Incluíronse todos os contidos necesarios
CGXH - ING A secuencia e temporalización dos contidos foi correcta
Metodoloxía empregada
CGXH - ING Ao comezo de cada unidade déronse a coñecer os obxectivos e contidos
CGXH - ING Elaboráronse actividades que favoreceron a aprendizaxe autónoma (búsqueda de información, proxectos, investigación)
CGXH - ING A metodoloxía foi a adecuada ao nivel da clase e favoreceu unha actitude positiva e motivadora no alumnado
CGXH - ING A elección das lecturas conseguiu favorecer o hábito lector
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
CGXH - ING Os recursos utilizados foron suficientes e apropiados
Medidas de atención á diversidade
CGXH - ING Ofreceuse atención individualizada, adaptando a programación ás características e necesidades específicas do alumnado
Clima de traballo na aula
CGXH - ING Tivéronse en conta os intereses do alumnado á hora de presentar os temas para a elaboración dos proxectos de investigación
Outros
CGXH - ING Explicáronse con claridade os instrumentos e criterios de corrección e avaliación
CGXH - ING Os resultados acadados en cada avaliación foron satisfactorios

Descrición:

LINGUA CASTELÁ/GALEGA-XEOGRAFÍA E HISTORIA abréviase CGXH. A materia de INGLÉS abréviase ING. Utilizarase a seguinte escala de valoración para medir os indicadores de logro: 1. Moi pouco. 2. Pouco. 3. Ás veces. 4. Case sempre. 5. Sempre

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

LINGUA CASTELÁ/GALEGA-XEOGRAFÍA E HISTORIA

Ao final de cada trimestre revisaranse os contidos programados, as liñas metodolóxicas e se se cumpriron os obxectivos establecidos en función do progreso na aprendizaxe do alumnado, da súa motivación e da súa capacidade para desenvolver as tarefas.

Isto permitiranos facer unha valoración do programa e dos resultados acadados e introducir, se se considera convinte, os cambios oportunos de cara a solventar as carencias e dificultades que se presenten. Estes cambios poderían afectar á programación dos contidos, pasando a facer máis actividades de reforzo e enfocándoas de xeito que os estudantes acaden a autonomía suficiente para desenvolver as súas investigacións, e se sintan totalmente implicado no seu proceso de formación e aprendizaxe.

Ao final de curso farase a mesma valoración co obxecto de introducir as modificacións necesarias de cara ao curso seguinte. Tamén se revisarán os criterios e procedementos seguidos para a selección do alumnado.

INGLÉS

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións semanais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos items programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliación analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

9. Outros apartados